

CLÍNICA BAVIERA

DESPÍDETE DE GAFAS
Y LENTILLAS

*Precio estimado por cada ojo. *Ver condiciones en www.clinicobaviera.com/condicionesfinanciacion

[Edición en galego](#)[Rss](#)

Ed

La Voz de Galicia.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS OCIO Y CULTURA SEF
A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago

REPORTAXE

No núcleo da Unión Europea

Técnicos de emprego de Barbanza e da Costa da Morte fixeron unha visita de traballo a Bruxelas e Estrasburgo

Xoán R. Alvite | MAZARICOS/CORRESPONSAL. | 26/11/2010

Valoración

Twitter 0

Me gusta 6

O funcionamento das distintas institucións europeas segue a ser totalmente descoñecido para a práctica totalidade dos cidadáns e incluso para moitas das persoas que, polo seu traballo, teñen relación directa cos organismos comunitarios con sede en Bruxelas e Estrasburgo. Non vai ser o caso, a partir de agora, da vintena de técnicos locais de emprego da comarca e das áreas da Costa da Morte e de Ferrolterra que durante esta semana estiveron nunha visita de traballo por terras centroeuropeas.

Estes 25 profesionais adscritos á Asociación Finisterrae de Profesionais do Desenvolvemento Local (Afiprodal), que ten a súa sede en Carnota, atenderon a unha invitación feita pola eurodeputada do grupo do Partido Popular Carmen Fraga para coñecer de primeira man a actividade dos representantes españois no Parlamento Europeo.

Ademais de visitar a sede desta institución en Estrasburgo, a expedición tamén aproveitou para facer un percorrido por distintas zonas de Alemaña destacables polo seu potencial e pola capacidade de xerar riqueza. Entre elas, a expedición desprazouse ata a Selva Negra, unha das rexións xermanas con maior atractivo dende o punto de vista paisaxístico.

Na capital ecolóxica

De feito, esta zona caracterízase pola riqueza medioambiental e arquitectónica, contando con importantes montes, lagos, termas e unha privilexiada área vitivinícola. Neste sentido, o traballo do grupo baseouse na actividade que se leva a cabo na cidade de Friburgo de Brisgovia, considerada a capital da ecoloxía do país alemán.

«Ademais de tentar achegarnos ás institucións europeas, uns dos principais obxectivos desta viaxe foi coñecer territorios con recursos naturais e mediambientais, así como a súa posta en valor para o turismo. Do mesmo xeito expuxemos a posibilidade de intercambiar experiencias e buscar liñas de colaboración e traballo no eido de desenvolvemento local na Unión Europea», apuntou Dolores Pena, técnica de desenvolvemento local de Carnota e presidenta de Afripodel.

Os membros da asociación tamén aproveitaron para celebrar unha xuntanza interna na que se ultimaron os detalles do congreso que se realizará entre marzo e abril nos municipios de Vimianzo e Corcubión.

Compartir

Webs del grupo [RadioVoz](#) [V Televisión](#) [Voz Audiovisual](#) [Sondaxe](#) [Canalvoz](#) [Voz Natura](#) [Fundación](#) [Prensa Escuela](#) [Escuela de Medios](#)

Anuncios Clasificados [Inmobiliaria](#) [Motor](#) [Empleo](#) [Mercadillo](#)

Tarifas web [Consulta](#)

Contacte con nosotros webvoz@lavoz.es



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.